

Beneficiario		Título da actuación	Importe (€)	Importe subvencionable (€)	Subvención	
Nº	Razón social				€	%
13	Clúster de la Acuicultura de Galicia	Persoal propio do clúster	29.590,88	19.000,00	19.000,00	100
14	Clúster del Sector Pesquero Extractivo y Productor	Persoal propio do clúster	34.293,54	19.000,00	19.000,00	100
15	Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego	Persoal propio do clúster	48.771,38	19.000,00	19.000,00	100
16	Clúster TIC de Galicia	Persoal propio do clúster	40.300,00	19.000,00	19.000,00	100
17	Cointega-Confederación de Industrias Textiles de Galicia-Clúster Gallego Textil Moda	Persoal propio do clúster	35.000,00	15.481,30	15.481,30	100
18	<i>Fundacion Clúster de Empresas de Automoción de Galicia</i>	Persoal propio do clúster	93.500,00	19.000,00	19.000,00	100
<b>Totais.....</b>			<b>717.166,11</b>	<b>250.000,00</b>	<b>250.000,00</b>	

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 5 de febreiro de 2009, da Consellería do Medio Rural, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia e do seu Consello Regulador e se nomea o Consello Regulador Provisional.*

Por orde da Consellería do Medio Rural, do 5 de febreiro de 2009 (corrección de erros DOG nº 34, do 18 de febreiro), aprobouse o Regulamento da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia e do seu Consello Regulador e nomeouse o Consello Regulador Provisional.

En reunión do Pleno do Consello Regulador do 21 de xuño de 2010, aceptouse a renuncia, por motivos persoais, de Juan José Estévez Fernández como vogal dese Consello Regulador, así como a súa substitución por Domingo Fidalgo Gutiérrez.

Na súa virtude, por proposta do Pleno do Consello Regulador, tendo en conta as consideracións expostas e o disposto no artigo 4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 2 da Orde do 5 de febreiro de 2009, da Consellería do Medio Rural, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia e do seu Consello Regulador e se nomea o Consello Regulador provisional, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 2º.-*Nomeamento do Consello Regulador Provisional.*

Noméase, por proposta do sector, o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia, con carácter provisorio ata que teñan lugar eleccións na forma determinada pola normativa vixente.

Queda formado polos membros seguintes:

Presidente: Jesús Quintá García.

Vogais polo sector produtor:

-Guillermo Lago Pérez.

-Domingo Fidalgo Gutiérrez.

-María Páez Pérez.

-Alberto Vázquez Rodríguez.

-Xosé Manuel Guerra Nieves.

-Mónica Vázquez Blanco.

Vogais polo sector de operadores-comercializadores e almacenistas en fresco:

-José Domingo Gómez Fidalgo.

-Francisco Barredo González.

-Juan Pedro Fernández López.

Vogais polo sector industrial de industrias de procesamento:

-Maite González Estévez.

-Miguel Ángel Areán González.

-José Domingo Posada González».

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

*Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica o anexo da Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia ou Patata de Galicia.*

Con data do 6 de xullo publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia ou *Patata de Galicia*.